

Estimados/as Sres./Sras:

A **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**, a través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), ven de poñer en marcha unha nova edición das **"Enquisas ás Empresas TIC. Ano 2024"**, co fin de permitir un mellor coñecemento sobre a realidade e a evolución do sector empresarial TIC con actividade en Galicia, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.

A súa empresa foi seleccionada para participar nesta enquisa, incluída na **Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026**, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, e forma parte das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030.

Os datos de contacto foron facilitados polo Instituto Galego de Estatística e serán tratados pola Amtega coa finalidade de xestionar a súa participación na Enquisa ás Empresas TIC do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, con base ao cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, así como o cumprimento dunha obriga legal de conformidade coa Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

A recollida dos datos está encomendada á entidade IDEARA S.L. por ser a empresa adjudicataria tras un proceso de licitación público e aberto, con número de expediente AMT-2023-0003 e que poden consultar en www.contratosdegalicia.gal/, ostentando Amtega a condición de responsable do tratamento dos datos recollidos neste formulario.

Non se prevén comunicacións a terceiros, e poderá solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>, así como consultar o contacto do delegado/a de protección de datos e información adicional en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Dado que as empresas TIC son un dos axentes máis determinantes na construción da Sociedade da Información, gustaríanos contar coa participación da súa empresa nesta enquisa e solicitamos a súa colaboración para a súa cumprimentación vía web na seguinte ligazón: <https://empresatic2024.idearainvestigacion.com/>

Ademais, ofrecémoslle outras alternativas para a súa cobertura: email, correo postal (descargando o cuestionario na ligazón anterior) ou mediante a solicitude dun axente entrevistador. Pode realizar calquera consulta ou aclaración no teléfono gratuito **900 909 532**, estaremos encantados de atenderlos.

Os resultados obtidos na edición anterior que están accesibles na web do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA): <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-sector-tic-de-galicia-edicion-2023>

Nesta ligazón pode subscribirse, de balde, ao boletín do Observatorio: <http://www.osimga.gal/gl> para recibir periodicamente no seu buzón de correo electrónico unha selección das noticias, análises e informes do OSIMGA.

Aproveitamos a oportunidade para informarlle dos servizos dispoñibles no GaiásTech, unha iniciativa da Xunta de Galicia para lograr a transformación dixital do tecido produtivo e xerar produtos, solucións e servizos cunha pegada tecnolóxica, que proporcionen maior valor, innovación e competitividade nun ámbito global: <https://gaiastech.xunta.gal/>

Un saúdo moi cordial.

Santiago de Compostela
Miguel Rodríguez Quelle
Xefe da Área de Sociedade Dixital
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública

Estimados/as Sres./Sras:

La **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**, a través del Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), va a iniciar una nueva edición de la "**Encuesta a las Empresas TIC. Año 2024**", con el fin de facilitar un mejor conocimiento sobre la realidad y la evolución del sector empresarial TIC con actividad en Galicia, por ser un sector estratégico en el desarrollo económico y por el efecto tractor y dinamizador TIC que ejerce sobre el resto de actividades empresariales.

Su empresa ha sido seleccionada para participar en esta encuesta, incluida en la **Ley 16/2021, del 20 de diciembre, del Plan gallego de estadística 2022-2026**, el instrumento de ordenación y planificación de la actividad estadística de la Comunidad Autónoma de Galicia, y forma parte de las iniciativas impulsadas por la Estrategia Galicia Digital 2030.

Los datos de contacto han sido facilitados por el Instituto Gallego de Estadística, y serán tratados por Amtega con la finalidad de gestionar su participación en la encuesta a las Empresas TIC del Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, con base en el cumplimiento de una misión realizada en interés público o ejercicio de poderes públicos según la Ley 4/2019, del 17 de julio, de administración digital de Galicia así como el cumplimiento de una obligación legal conforme a la Ley 16/2021, del 20 de diciembre, del Plan gallego de estadística 2022-2026.

La recogida de los datos está encomendada a la entidad IDEARA S.L. por ser la empresa adjudicataria tras un proceso de licitación público y abierto, con número de expediente AMT-2023-0003 y que puede consultar en www.contratosdegalicia.gal/, ostentando Amtega la condición de responsable del tratamiento de los datos recogidos en este formulario.

No se prevé ninguna comunicación a terceros, y podrá solicitar el acceso, rectificación, limitación, portabilidad y supresión de sus datos según se recoge en: <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>, así como consultar el contacto del delegado/a de protección de datos y la información adicional en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Dado que las empresas TIC son uno de los agentes más determinantes en la construcción de la Sociedad de la Información, nos gustaría contar con la participación de su empresa en esta encuesta y solicitamos su colaboración para su cobertura vía web en el siguiente enlace: <https://empresastic2024.idearainvestigacion.com/>

Además, le ofrecemos otras alternativas para su cobertura: email, correo postal (descargando el cuestionario en el enlace anterior) o mediante la solicitud de un agente entrevistador. Puede realizar cualquier consulta o aclaración en el teléfono gratuito **900 909 532**, estaremos encantados de atenderles. Le facilitamos también el enlace a los resultados obtenidos en la edición anterior que están accesibles en la web del Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) y agradecemos de antemano su colaboración: <https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-o-sector-tic-de-galicia-edicion-2023>

En este enlace puede suscribirse, gratuitamente, al boletín del Observatorio: <http://www.osimga.gal/es>. Para poder recibir periódicamente en su buzón de correo electrónico una selección de las noticias, análisis e informes del OSIMGA.

Aprovechamos la oportunidad para informarle de los servicios disponibles en el GaiásTech, una iniciativa de la Xunta de Galicia para lograr la transformación digital del tejido productivo y generar productos, soluciones y servicios con una huella tecnológica, que proporcionen mayor valor, innovación y competitividad en un ámbito global: <https://gaiastech.xunta.gal/>

Un saludo muy cordial.

Santiago de Compostela
Miguel Rodríguez Quelle
Jefe del Área de Sociedad Digital
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública